

Expediente: *Servizo de conservación, reparación e pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela*

Asunto: *Determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados, valoración dos criterios de adxudicación avaliábles en forma de cifras ou porcentaxes (sobre nº 3) e resumen final das valoracións*

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación a determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados, a valoración dos criterios de adxudicación avaliábles en forma de cifras ou porcentaxes (sobre nº 3) e a presentación do resumen final das valoracións do procedemento de contratación para a realización do **“Servizo de conservación, reparación e pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela”**, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/23/2014.

Apertura sobre nº 3

Con data 06/08/2014 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura dos sobres nº 3 dos licitadores non excluídos ata dito momento.

Efectuada a mesma, non se detectaron incidencias que apuntar. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores que continúan no procedemento foron:

Nº de orde	Licitador	Baixa
1	SERVICIOS Y MANTENIMIENTOS, U.T.E.	16,67%
2	ESPINA Y DELFÍN, S.L.	16,85%
3	UTE COESISA-ACOVAL	12,12%
4	ELECNOR, S.A.	22,20%
5	EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, S.A.	19,76%
6	MONCOBRA, S.A.	8,72%

Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados

A determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados realizase mediante o procedemento previsto na cláusula 10.A.1 do PCAP (páxina 8):

1. Baixa media das ofertas económicas dos licitadores non excluídos
despois da apertura das ofertas económicas 16,05%
2. Límite ofertas económicas anormais ou desproporcionadas (BM+10) 26,05%

Tendo en conta o valor obtido (26,05%) para o límite das ofertas económicas anormais ou desproporcionadas, ningún dos licitadores encóntrase en dita circunstancia.

Valoración das ofertas económicas (P_{Aj})

O PCAP só establece a valoración das ofertas económicas como único criterio de adxudicación avaliable en forma de cifras ou porcentaxes.

De acordo coa fórmula establecida na cláusula 10.3.A.1), a valoración das propostas económicas (P_{Aj}) debe realizarse sobre as ofertas económicas dos licitadores. Tendo en conta que o modelo de proposición económica previsto no Anexo I do PCAP require a baixa que realiza o licitador (B_n), para a aplicación da citada fórmula de valoración a oferta económica de cada licitador obtense da seguinte forma:

$$O_n = 100\% - B_n$$

Preséntase a continuación o cadro resume das puntuacións obtidas por cada licitador segundo o antedito:

Nº de orde	Licitador	Baixa	Oferta económica	Puntuación P_{Aj}
1	S&M UTE	16,67%	83,33%	51,35
2	ESPINA Y D.	16,85%	83,15%	51,46
3	UTE CO-VAL	12,12%	87,88%	48,69
4	ELECNOR	22,20%	77,80%	55,00
5	EXTRACO	19,76%	80,24%	53,33
6	MONCOBRA	8,72%	91,28%	46,88

<i>Importe da oferta mais baixa</i>	
<i>Ob</i>	<i>77,80%</i>

Resumen valoración dos criterios de adxudicación (cláusula 10.3)

Presentase a continuación o resumen das valoracións parciais e a suma da valoración total dos criterios de adxudicación (cláusula 10.3) e a orde de clasificación consecuente dos licitadores que non foron excluídos ata o momento:

Nº de orde	Licitador	Puntuacións parciais		Puntuación total	Orde de clasificación
		Sobre nº 2 P_{Bj}	Sobre nº 3 P_{Aj}		
1	S&M UTE	9,02	51,35	60,37	4º
2	ESPINA Y D.	21,75	51,46	73,21	1º
3	UTE CO-VAL	5,00	48,69	53,69	5º
4	ELECNOR	8,75	55,00	63,75	3º
5	EXTRACO	11,25	53,33	64,58	2º
6	MONCOBRA	5,75	46,88	52,63	6º

Conclusión

Sométese o presente informe a avaliación da mesa de contratación para que proceda como mellor considere, en función do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do procedemento de licitación.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2014

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís

